



Información económica 1º Trimestre 2016

Acordo Marco Mundial de Responsabilidade Social

Asuntos Varios

Rogos e preguntas

### Información económica 1º Trimestre 2016

Amosa a dirección varias diapositivas sobre a situación do grupo a nivel mundial , de Europa e do polo ibérico e do sector: 8ª España no ranking de constructores. Así como as ventas no acumulado do ano16 +6.5%. A nivel Psa groupe pasouse de : -555mld€ a +1.7 mld€ e dicir un resultado de +1.7mld€. Free cash flow de 6.000mld€ e un marxe operacional de +5%. Éxito do back in the race.

Presentan os 6 valores do Push to Pass: -espírito de equipo, - respecto e consideración,- forza interior,- audacia para sobre pasar os limites,- axilidade, no mercado cambiante, -exixencia nos resultados. E 6 pilares do Push to Pass... e os ambiciosos obxectivos, xunto cos puntos clave.

**Outros acontecementos recentes:** Openlab en Marrocos, para estudar cal vai ser o coche do futuro. Norauto e psa fixeron un estudo conxunto sobre os garaxes solidarios en francia. Jointventure con Irankodro. Psa e Santander abren en Italia unha sociedade conxunta. Psa e dúas ong publican os consumos reais dos coches Psa.

**Producción:** acumulado no ano 16 a marzo 116.617 coches

**Seguridade:** índice de baixas acumulado 1.29, índice de accidentes 13.1 acumulado de 32 accidentes.

**Absentismo:** media de 6.46, horarios 7.24, mensual 2.79. Enfermidade 4.38, accidente 0.57, permisos 1.43 ...

**Plantilla:** 5.435 a marzo 16. ( e baixando)

**Conciliación :** acollidos un total de 169; redución de xornada 94, lactancia 9 etc

### Acordo Marco Mundial de Responsabilidade Social

Resume do ano 15 e presentación dos obxectivos do ano 16: workshop aberto a plantilla, estudo de implantación do teletraballo para o ano 17, formación sobre o código ético, Entregaran formulario aos sindicatos para acollerse a estes obxectivos marcados pola dirección.

### Asuntos Varios

**Producción Maio:** laborable o domingo 29 a noite. Cambio dos sábados previstos do 7, 14 para os días 21 e 28. Noite do 16 de maio trasládase a noite do 17. Horarios Montaxe: S1 -7h35', S2 -7h15'; ferraxe: S1 6h 41', M3-4 : 8h38', B78: 6h33',

**Alares:** co incremento do uso en fisioterapia e a diminución de plantilla, di que sae máis caro, as sesións pasan de 14 a 10 ao ano e dende a 6ª a 10ª terán un "copago" de 3.50€ por sesión dende o 1º de maio.

**Contratas:** Cambios : Izmar por Ferrovial, multiservicios Clece por Urbina, residuos samper por metalplex

**Convenio Colectivo:** o libro vai ser substituído por un formato dixital , para aforrar.

.....  
A CUT durante a xuntanza interveu en varias partes da mesma preguntando por diversos temas:



- **Aparcamiento de bicicletas no novo aparcadorio?** RD: que aínda o están vendo..

- **A Redución de -700€ no prezo de fabricación do vehículo prevista no Push to Pass e a redución dun 20% en estruturas, vai afectar a Vigo?** Rd: .. xa se verá, cada fábrica ten un marxe e directrices distintas dentro do grupo..

- **A empresa non informou das enfermidades profesionais, nin das contratacións, nin das horas complementarias, horas extras..etc**

- **No último trimestre do ano 15 non se convocou ao comité para cumprir co artg 64 do E.T e dar esta información actualizada en esas datas ..**

- **Alares**, a CUT non comparte o novo criterio da empresa, nin o copago. Durante a negociación do convenio no tema do seguro privado a empresa asegurou que o Alares seguiría tal como estaba. Agora vemos que non vai ser así e se vai penalizar o seu uso, o incremento do absentismo e do uso de alares , terá que ver que cada vez somos menos a fabricar?

- **Renting, prezos de vehículos novos, outro dos logros do convenio, preguntamos como estaba a implantación ?** RD: Se están integrando, de momento xa se pode facer un seguro médico privado , pagando.

-**Canto incrementou a dirección de Vigo os seus salarios?**

- **Contratas**, en datas anteriores a CUT xa dirixiu un escrito de protesta a dirección polo trato que estaban a recibir os traballadores das contratadas que están a ser substituídas por outras. Reclamándolle a empresa a responsabilidade social que ten con estes traballadores que en moitos casos levan moitos anos dentro das instalacións de PSA. Algúns deles sen saber si co cambio de empresa ían ter traballo ao día seguinte. E que PSA se preocupase de que se lle ofertase eses postos de traballo primeiro aos afectados, que en moitos casos ían ver extinguidos os seus contratos. RD: a responsabilidade non é de PSA senón das contratadas, estamos nunha economía de mercado..

**Con esta resposta queda claro que PSA se desentende das persoas que tamén contribuíron dende as contratadas a que os resultados PSA mellorasen.**

- **excedencia de verano:** preguntamos como se vai computar a xeración de bolsa de horas, xa que o noso entender os que se acollan a excedencia nunca van xerar bolsa en positivo e si poden xerala en negativo. O que penalizara a quen se acolla . Cal vai a ser a xornada anual a efectos de computar o exceso como días positivos para a bolsa?. RD: O que se acolla xa sabe a que se acolle... e non consideran unha penalización que non xeneren bolsa.



[cutcitroen.org](http://cutcitroen.org)